



NOTA DE PRENSA. 23.04.2011

POLO PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN TAMÉN EN CAMPO LAMEIRO ANTE A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

Ante a denuncia de **concentración de casos de tumores** en A Lagoa de Bailadoiro en [Campo Lameiro](#) (Pontevedra) **na proximidade de antenas de telefonía móbil**, dende a APDR compartimos a inquedanza veciñal e apostamos por unha serie de [propostas municipais](#) (*seguir enlace para ver*) ante a electropolución baseadas no Principio de Precaución, facendo as seguintes consideracións:

- Partindo de que un “clúster” ou “conglomerado” é a aparición dun número de casos dunha enfermidade en cantidade superior ao que cabería esperar para un determinado grupo de poboación, un área xeográfica e un período de tempo determinados, **lembramos que na provincia de Pontevedra** (ao igual que nas demais provincias galegas) **nos derradeiros anos xa foron denunciados outras sospeitas de “clúster” de tumores e outras enfermidades e foron solicitados (sen éxito algún) estudos epidemiolóxicos en zonas que coincidían con concentración de antenas de telefonía móbil e/ou liñas de alta tensión:** Padróns en Pontearreas, Valadares en Vigo, centro de Portonovo en Sanxenxo, casco urbano de Salceda de Caselas, Santa Lucia en Moraña, Saxosa de Bértola en Vilaboa,
- Na literatura científica recóllense [estudos epidemiolóxicos](#) que expón un incremento significativo de cancro nas contornas de antenas de telefonía móbil ([Netanya en Israel no 2004](#), [Naila en Alemaña no 2004](#), [Hausmannstätten e Vasoldsberg en Austria no 2008](#), [Belo Horizonte en Brasil no 2010](#), ...) e do chamado síndrome microondas (en [Francia no 2002](#), [La Ñora en Murcia no 2004](#), ...)
- Recomendacións de científicos independentes, da [Axencia Europea de Medio Ambiente](#) e do Parlamento Europeo ([2008](#), [2009](#)), partindo do risco potencial dos campos electromagnéticos artificiais, **reclaman aplicar xa o Principio de Precaución rebaixando os límites de exposición** (considerados “obsoletos” e de insuficiente protección para os grupos máis sensíbeis) atendendo aos efectos biolóxicos **e minimizando a exposición á poboación** dunha electropolución que incrementouse vertixinosamente sen regularse adicadamente.
- Dende a APDR, partindo do recoñecemento do Tribunal Supremo da potestade municipal para superar os límites de referencia da normativa estatal (por que o risco dos campos electromagnéticos non pode considerarse un tema pechado cientificamente), **recollemos a modo de [propostas municipais](#) (*seguir enlace para ver*) as distintas medidas de cautela que de un modo ou outro xa se están a aplicar en distintos países da nosa contorna así como en distintas comunidades autónomas e concellos:** redución dos límite legais de exposición (onde a poboación habita, traballa e convive), control e medición municipal das inmisións en tempo real, ...